



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS O PEIRAO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DETECCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao para desenvolver accións de prevención, sensibilización e detección da violencia de xénero. As actuacións a desenvolver neste ano 2024 serán:

-Workshop: Sesións informativas das condutas que se tipifican como de violencia de xénero no ámbito laboral, así como os dereitos e cobertura que as asisten.

Esta acción irá dirixida, principalmente as nosas asociadas e as persoas do seu entorno; todas elas mulleres do medio rural, de baixos recursos económicos, escasa cualificación académica e con situacións especialmente vulnerables en atención a súas circunstancias persoais.

- Servizo de asesoramento en materia de xénero durante todo o ano a través de persoal especializado que reorienta as accións destacando sobre todo os aspectos de xénero de cada unha das actividades que desenvolve a entidade.

- Servizo de asesoramento en materia xurídica especializado en violencia de xénero e en mediación que contribúe a paliar e poñer fin a situacións de violencia de xénero e de abuso entre as asociadas.

- Servizo on-line, telefónico e presencial de carácter individualizado de apoio e orientación psicolóxico e xurídico.



- Elaboración e distribución de folletos informativos con pautas para detectar a violencia de xénero e tamén con teléfonos de interese aos que dirixirse no caso de querer compartir ou denunciar estes sucesos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao é unha entidade sen ánimo de lucro constituída no ano 2004 no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-4876, na área de igualdade, e ten entre os seus obxectivos o empoderamento das súas asociadas no ámbito cultural, social, económico e político; a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a loita contra calquera conduta susceptible de ser considerada violencia de xénero.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, para o desenvolvemento dun proxecto que ten como obxectivo a sensibilización sobre a dimensión da violencia de xénero, promovendo pautas e ferramentas para a detención e prevención da mesma, mostrando as ferramentas necesarias para construír novas formas de relacións afectivas e os recursos dispoñibles.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. O carácter singular do presente convenio vén porque a Federación de Redeiras Artesás O Peirao é a única Federación en Galicia e a única entidade que desenvolve e aglutina a asociacións dos distintos territorios galegos coa finalidade de promover a igualdade entre homes e mulleres, de rachar coa fenda salarial e dignificar a profesión e sacar as profesionais redeiras da situación de case invisibilidade na que se atopaban.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

